


# Ruta de andabao.



## Introducción

Achegamonos a Andabao , parroquia situada ó norte do Concello de Boimorto, pola estrada que une Boimil coa Arentía e dispoñémonos a coñecer os seus puntos de interese, a súa riqueza e a súa xente.

Facémolo por unha ruta trazada principalmente sobre estradas, xa que os camiños, noutrora veciñais, quedaron soterrados pola concentración parcelaria, hai disto máis de vinte anos.

Despois de atravesalo monte comunal de Boimil, ábrese ós nosos ollos un amplo terreo chan, alternativamente adicado a cultivos forraxeiros ou a extensas pradeiras que se estende ó longo da devandita estrada de Arentía. Este é un terreo de transición entre a cima da parroquia, cara ó NE, coas maiores cotas de altitude, e a fondeira, cara ó SO, fermosa declive que remata nos lindes coa parroquia de Cardeiro.

### **Descrición da ruta**

Antes de iniciar a marcha é preciso conceder un intre á reflexión, pois temos que decidir que alternativa tomar. Facémolo nas Fontiñas, ó agarimo de vellos carballos. De paso podemos observar alí unhas curiosas rochas en forma de menhir sinalando as entradas das fincas.

Deixamos esta encrucillada e botamos a andar ó carón dun frondoso soto, chegamos ó lugar da Torre. Aquí érguese a Igrexa Parroquial de San Martiño rodeada do cemiterio. No exterior do adro, atópase o campo da festa cun sinxelo cruceiro no medio.

Algúns castiñeiros e freixos, de propiedade particular, dan sombra cando o calor do verán apreta.

A uns metros da igrexa, á esquerda do campo, sitúase a Casa Grande da Torre, de recente restauración que segue conservando os servizos anexos típicos destas construcións, como o pombal, o hórreo, etc..., así como árbores frutais e plantas que falan da grandeza da propiedade. Na fachada obsérvase un escudo de armas, en bo estado de conservación, que fai referencia á antiga nobleza que aquí moraba, probablemente, os Condes de Maceda.

Tomamos a vía da dereita e deixámonos levar pola pendente do terreo. Na vagoada érguese maxestoso un exemplar de carballo que moi ben puidera ser ramo, se a man o branguera.

Mentras subimos recreámonos a vista na panorámica que se nos ofrece: á esquerda a igrexa e a Casa da Torre; de fronte, Piñeiro; e á dereita a fondeira da Parroquia e máis arriba Boado.

Atopámonos en Areas, onde chama a nosa atención unha importante explotación gandeira, principalmente láctea, que lle dá á parroquia un aspecto de territorio altamente desenvolvido.

Pasamos á lavandeira entre apertadas casas, e así descubrimos un muiño de auga, cáseque devorado pola modernidade, delatado por un pequeno regato que atravesará a aldea.

Un curioso cruceiro franquea a entrada da casa chamada da Lavandeira. Cunha inscrición ó seu arredor en castelán antigo, data, ó parecer de hai uns 700 anos. Foi trasladado ata alí dende o lugar do Soto e era coñecido polos veciños como “O Cruceiro da Paz”. Respecto da súa orixe circulan varias versións.

Seguimos cara Orros, subimos polo Gandarón, onde aínda queda unha pequena carballeira e chegamos á Arentía. Aquí atopámo-la acpela de San Cidre e a súa dona Santa María da Cabeza.

Estamos de novo na Carretera que une Boimil coa Arentía pola cal voltamos cara o punto de partida, agora pola cima da parroquia.

A uns cincocentos metros da Capela da Arentía na Chousa Vella, situase o cemiterio cristiá-evanxélico, que acolle os restos dos finados que abrazaron en vida esta relixión.

Tomámo-lo camiño de terra, á esquerda, que nos levará ó lugar chamado “O Furocos”, e aí ascendemos ata Paravico.

É unha vella casa deste lugar onde según din naceron os seis irmáns de Simón Bolívar, o libertador de Perú.

Marchamos ata os Casás por unha superficie ondulada arroupados por unha extensa fraga. De aí subimos ó Hospital, e xa de volta repetimo-lo mesmo trazado anterior, esta vez ó longo dun souto. Xa na cima, vemos o punto de partida da ruta, onde os nosos cansados pés levarán percorridos uns oito quilómetros.

NORABOA!!!!!!.